



# Casa Picasso

Rúa Paio Gómez, nº 14, 2º andar

É longo o corredor da casa dos Ruiz Picasso na rúa Paio Gómez. Nesta vivenda viviu Pablo cos seus pais e as súas irmás entre 1891 e 1895. Uns anos inesquecibles para o artista. O vello Picasso facía gala da súa galeguidade. Non é só que lle gustasen os percebes, que tamén, senón que recitaba e cantaba en galego. Conta o seu amigo, o vilalbés Antonio D. Olano, que de todos os agasallos que lle fixo ao pintor ningún o ilusionou máis que os Cantares gallegos de Rosalía. «Ao día seguinte de regalarlle o libro, repetíume estrofas completas que recordaba», lembra Olano no seu libro Picasso gallego. A Coruña, á que Pablo chega con dez anos, é a cidade en que se namora por primeira vez, en que realiza a súa primeira exposición, en que medra a súa paixón polos touros, en que pinta ducias de pombas, en que atopa o seu primeiro mecenas na persoa do ex ministro da República Ramón Pérez Costales, en que é introducido nas vangardas europeas polo profesor Isidoro Brocos, en que crea a súa primeira obra mestra, A rapaza dos pes descalzos... A implicación dos Ruiz Picasso con Galicia é tan notable que o malagueño José Ruiz, pai do artista, é un dos promotores da Real Academia Galega. O pai, o que tantas veces posa para Pablo na casa de Paio Gómez, cédelle na Coruña a súa paleta e os seus pinceis, unha alternativa pictórica con matices toureiros. É o herculino un período fértil tamén desde o punto de vista artístico. «Picasso aprendeu a pintar e a debuxar na Coruña», di Elizabeth Cowling, experta en Picasso e catedrática de arte europea do século XX. O propio artista exaltaba o valor da súa etapa coruñesa: «Picasso xulgaba que os seus retratos coruñeses eran mellores que as obras estudiantís realizadas en Barcelona. Mesmo ás veces tiñan

máis valor para el que as súas obras das épocas azul e rosa», escribe John Richardson, o mellor biógrafo de Picasso. Málaga, cidade natal; A Coruña, onde o xenio esperta; e Barcelona. O triángulo vital e artístico de Pablo Ruiz Picasso ten un vértice galego. Un vértice fundamental, como o propio pintor se encargou de reivindicar. Porque á Coruña chegou un neno, pero foise un xenio. Chegou Pablo e foise Picassíño. A luz da torre de Hércules, que pintou, ficou sempre no seu recordo. O corredor de Paio Gómez, aínda tal cal, foi o corredor cara á gloria, a pista de despegue do artista máis importante do século XX.

## DE SOL Á SOL


De un niño de 13 años, hijo del profesor de la Escuela de Bellas Artes, Sr. Ruiz Biasco, son los dos estudios de cabezas pintados al óleo, que se hallan expuestos al público en el almacén de muebles que en la calle Real tienen los herederos de D. Joaquín Latorre.

No están mal dibujadas, el colorido es acertado y la entonación es bastante buena y todo ello resulta superior si se tiene en cuenta la edad del artista; pero lo que es sorprendente es la valentía y so tura con que están ejecutadas, y no dudamos en afirmar que ese modo de empezar á pintar acusa muy buenas disposiciones para el arte pictórico en el infantil artista.

Continúe de esa manera y no dude que alcanzará días de gloria y un porvenir brillante.

De esquerda a dereita e de arriba  
abaixo, *A rapaza dos pés  
descalzos* (1895), detalle de firma  
no *Carnet da Coruña* (1894),  
fotografía do neno Picasso no  
verán de 1895, *Retrato de  
D.Ramón Pérez Costales* (1895), e  
*Paisaxe marítima* (1895).





## **HORARIO**

De luns a sábado: 11-13:30 h–18-20 h.

Domingos e festivos: 12–14 h.

Luns pechado. Entrada de balde.

**Tel. 981 189 854**

**e-mail: [casasmuseo@coruna.es](mailto:casasmuseo@coruna.es)**

-  <https://www.facebook.com/museoshistoricoscoruna>
-  <https://www.instagram.com/museoshistoricoscoruna>
-  [https://twitter.com/museos\\_H\\_coruna](https://twitter.com/museos_H_coruna)



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña



MUSEOS  
HISTÓRICOS